

PEZA DO MES

novembro

2025



**HISTORIA NATURAL DE GEORGES-LOUIS
LECLERC, CONDE DE BUFFON**

Historia Natural de Georges-Louis Leclerc, conde de Buffon

Georges-Louis Leclerc naceu en 1707 en Montbard (Borgoña) e era o primoxénito. A súa nai herdou o señorío de Buffon e o seu esposo, Benjamín, converteuse no señor de Buffon e Montbard. A familia trasladouse a Dijon e o seu pai quixo que estudase Dereito, aínda que el só mostraba gusto polas Matemáticas. En Angers estudou Botánica e cursos de Medicina. Viaxou por Europa acompañando o duque de Kingston e nesta viaxe recibiu a noticia do falecemento da súa nai, quen o nomeou herdeiro dos seus bens. Así, Georges-Louis tivo que establecer preito co seu pai, casado en segundas nupcias, para recuperar a herdanza materna.

Dedicado ao cálculo de probabilidades, resolveu o coñecido «problema da agulla» (dende entón «a agulla de Buffon») e en 1734 ingresou na Academia de Ciencias. Aínda que frecuentaba París, tiña por costume vivir no castelo de Montbard. Ao ser ascendido Jussieu, Buffon ocupou unha praza de Botánica e foi nomeado moi pronto director do Xardín do Rei e o seu protector Maurepas encargoulle un catálogo das coleccións do gabinete do rei. Buffon emprendeu nese momento a publicación da *Historia natural, xeral e particular...*, cuxos tres primeiros tomos apareceron en 1749.

A *Historia natural* contén ideas revolucionarias e radicais para o século XVIII. Considerou o home un animal máis e puxo de manifesto as similitudes entre este e os simios. Nos seus choques coa Igrexa, Buffon, hipocritamente, fixo unha retractación formal e seguiu imprimindo.

Nunca aceptou o sistema binominal e de categorías (especie, xénero, familia) de Linneo, por artificial. Mediante a consideración como únicas cadeas reais, propúxose colocar as especies en «series» ou «cadeas» continuas, na que cada unha se asemella ás máis próximas. Este concepto metodolóxico de concatenación (vivo en Voltaire e en Robinet) fai que Buffon chegue ao «nominalismo». Na natureza non existirían especies, nin xéneros, senón soamente individuos.

As especies que se crían idénticas ou parecidas mostran individuos diversos dun continente a outro e moitas veces trátase de «dexeneracións». Isto ocorre por exemplo nos felinos; entre o tigre asiático e o xaguar americano, entre o león e o puma, etc.

Esta «Teoría da dexeneración» foi mal comprendida e creoulle problemas dialécticos con personaxes históricos, como Franklin e Jefferson ou Bolívar. Por exemplo, Jefferson, durante o seu mandato de presidente, enviou á Academia de Ciencias de París xigantescos ósos e cabeiros de mastodontes norteamericanos, para demostrarlles aos franceses que os animais de América do Norte eran enormes e non dexenerados. O mesmo Humboldt escribiu: «Buffon estaba completamente equivocado». Bolívar, que tiña libros de Humboldt (como o «*Ensayo político sobre el Reino de la Nueva España*») manifestou que as teorías de Buffon sobre a dexeneración se fixeron populares porque «afagaban a vaidade dos europeos».

Unha correcta interpretación actual converte a Buffon nun precursor da teoría da evolución e sitúao como un antecesor de Lamarck ou de Darwin-Wallace. As súas opinións foron reestruturadas actualmente cos postulados da epixenética.

Os enfrontamentos coa Igrexa (Facultade de Teoloxía de París), proceden na súa maioría de *Las Épocas de la Naturaleza* (suplemento 5, publicado por separado en 1780), no cal, ao estudar os estratos das sedimentacións xeolóxicas e avaliado o tempo necesario para a formación destes depósitos, se atreverá a sinalar que a idade da Terra podería cifrarse nuns 75000 anos (fronte aos 6 ou 8000 anos bíblicos).

Georges-Louis Leclerc falecía en 1788 e posuía os títulos de conde de Buffon, marqués de Rougemont, vizconde de Quincy e señor de La Mairie, Les Harans e Les Berges.

Entre os fondos do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense encóntranse 21 tomos correspondentes a unha tradución ao castelán da grande obra de Buffon. A tradución-adaptación parcial é de José Clavijo y Fajardo, con dedicatoria a José Moñino y Redondo, conde de Floridablanca, ministro de Carlos III e de Carlos IV. O tomo 1º está datado en 1785 e confeccionado na imprenta de Joaquín Ibarra; os tomos 2º a 6º levan datas entre 1786 e 1788 e saíron da imprenta de Viuda de Ibarra, Hijos y Compañía. Estes 6 volumes corresponden ao reinado de Carlos III. Os volumes do 7º ao 18º son xa do reinado de Carlos IV, entre os anos 1789-1804, e da mesma imprenta. Hai que exceptuar os tomos 20º e 21º, de 1805, impresos por Hija de Ibarra, e como singularidade de toda a colección, o tomo 9º, que é de 1806 (unha 2ª edición), de Hija de Ibarra.

Sinalaremos como dato bibliográfico que estes Ibarra foron impresores moi importantes no seu tempo, xa que Joaquín era «Impresor de Cámara de S.M.» e a el débémolle dous dos «Quixotes» que posúe o Museo (de 1771 e 1782) (*Peza do mes* de setembro de 2018).

Os 3 últimos volumes son obra de Bernardo Germán Esteban de la Ville, conde Lacépède (1756-1825), sucesor de Buffon á fronte do Xardín do Rei, converso a revolucionario e logo fiel a Napoleón e finalmente relegado por Luis XVIII. O sucesor natural tería sido Lamarck, a quen se lle asignaron os insectos, vermes, plantas e outras minucias. Buffon librouse da guillotina porque faleceu case un ano antes do gran cambio e o Xardín do Rei pasou a chamarse Xardín do Museo de Historia Natural.

Os 21 volumes están en bo estado de conservación, encadernados en pel, co lombo ornamentado en tres bandas e algúns rotulados: BUFFON / HISTORIA / NATURAL, e ás veces co número do tomo cuñado.

Cada un dos volumes leva pegado ou solto un *exlibris* que reza: «D. José María Feijoo/Montenegro y Marquina». Ás veces hai outro, anterior cronoloxicamente: De/D.Gerónimo Feixoo/e/Montenegro. Este debeu adquirir a obra arredor de 1820 (reinado de Fernando VII).

Indagando na xenealoxía da liñaxe Feijoo-Montenegro, publicada por Cristina Gayoso Diz (B. Aur, 44: 344, 2014), situamos a Jerónimo Feijoo Montenegro como bisneto dun irmán do P. Feijoo, Plácido Feijoo Montenegro Puga. Este bisneto non tivo descendencia, e pasaron posiblemente estes libros ao seu irmán José Feijoo Montenegro (†1826) e deste ao seu fillo José María Feijoo Montenegro Marquina (†1877), tataraneto de Plácido.

No primeiro tomo hai unha nota manuscrita que reza: «*Son veinte y un tomos, y costaron / de segunda mano 640 reales*».

A chegada desta obra, en depósito ao Museo, prodúcese no ano 1983, desde Casdemiro (véxase a foto de Otero Pedrayo, 1972, en *El Padre Feijoo*, reproducida na páx. 98 de «*O Padre Feijoo. Ciudadán libre da República Literaria*». Catálogo da Exposición de 2014. Xunta de Galicia). Realizan o depósito: Carmen Feijoo-Montenegro Prado, descendentes de Sabina Feijoo-Montenegro Carballo e descendentes de Rosendo Feijoo-Montenegro Prado.

Cos Buffon (e outros libros) faise entrega de varios obxectos:

- 1.- Máscara mortuoria de Fr. Benito Gerónimo Feijoo (*Peza do mes* de abril de 2025)
- 2.- Carta autógrafa ao seu irmán Plácido (Catálogo citado anteriormente, pp. 68-71).
- 3.- Tese impresa en seda (1698) (*Peza do mes* de outubro de 2014).
- 4.- Tese de Anselmo Feijoo Puga e Montenegro.
- 5.- Cadro xenealóxico de Gerónimo (Catálogo citado, pp. 50-53).
- 6.- Acta de nacemento do P. Feijoo (translación feita en 1876).

A obra orixinal en francés, *Histoire Naturelle, générale et particulière, avec la description du Cabinet du Roi*, estivo composta por 44 tomos, dos cales 35 apareceron durante a vida de Buffon (entre 1749 e 1780), e Lacépède realizou os restantes, o último publicouse en 1804. Foi un *bestseller* e a edición dos tres primeiros volumes (1749) esgotouse en seis semanas, grazas ao entusiasmo con que foi recibida pola alta sociedade parisiense. A obra completa contiña 1275 gravados, realizados na súa maioría por Jacques de Séve e o seu fillo. Foi traducida de inmediato a moitos idiomas e converteuse nunha das obras máis lidas durante a segunda metade do século XVIII. Mesmo no XIX se editou para nenos en español: *El Buffon de los niños. Compendio de Historia Natural de los cuadrúpedos, aves, pescados, reptiles, insectos, etc. precedido de la teoría de la Tierra y de la historia del hombre, traducido y arreglado para la enseñanza pública por D. Mariano Pons y Fuster* (Manuel Saurí editor, Barcelona, 1848), á cal seguiron varias edicións.

Así pois, a *Historia Natural*, foi a obra máis difundida do século XVIII, e superou as obras de Voltaire e Rousseau. Un autor en 1976 contou 52 edicións completas en Francia e máis de 325 completas ou parciais en traducións. Nas bibliotecas privadas francesas do XIX é o segundo elemento, despois dunha enciclopedia de lingua francesa.



CLAUSTRO DO PATIO DO MUSEO ARQUEOLÓXICO NA SÚA SEDE DA PRAZA MAIOR



ENTRADA Á SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL SITUADA AO LADO DO CLAUSTRO DE SAN FRANCISCO



INTERIOR DA SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL

MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible, facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende a época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o Pazo do Bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do museo a través dunha coidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao Barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do exconvento do mesmo nome, onde están o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono: 988 788 417

Horario de visita:

De martes a sábado: das 9.00 ás 21.00 h ininterrompido

Domingo: das 9.00 ás 15.00 h

Pechado os luns e festivos oficiais

Outros servizos do museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na localización provisional do museo, na rúa Xílgaro, s/n (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002 Ourense.

Teléfono: 988 788 439

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.00 ás 14.00 h e das 16.30 ás 20.00 h

www.musarqourense.xunta.es

mapour@xunta.es

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueológico Provincial de Ourense

TEXTO: Vicente Rodríguez Gracia

ISSN: 1579-9956

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río Martínez

MAQUETA: Araceli Gallego Blanco